



REQUIRIMENTO DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO PARA EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN VARIAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DE PERMEX DE EQUINODERMOS PARA EMBARCACIÓN, NA MODALIDADE DE MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE SUPERFICIE, AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DO GROVE APROBADO PARA O TRIENIO 2025 – 2027

1. O 4 de febrero de 2025 foi publicada a convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento de permex de equinodermos para embarcación, na modalidade de mergullo con subministro de aire desde superficie, ao abeiro do plan de explotación para o recurso específico, da confraría de pescadores do Grove aprobado para o trienio 2025-2027.
2. Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, segundo o disposto no apartado 1.4 das bases da convocatoria, o departamento territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa, de conformidade co disposto no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas* (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
3. A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada, tamén se publicará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios da entidade asociativa.
4. De acordo co anteriormente indicado, **REQUIRESE** a seguinte documentación contemplada no apartado 1.3.1.a) das bases da convocatoria, ás persoas indicadas a continuación:





Solicitante	NIF	Embarcación/Folio	Documentación
Mario Castro Domínguez	***0506**	MAR E MAR VILL-4-2-07	Escrito de conformidade de María Teresa Carballa Meis , como propietaria da embarcación, para presentar a solicitude no proceso selectivo, así como presentación do seu DNI/autorización consulta presentando anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.
Grovinox, SLU	***6310**	TSUNAMI CO-7-4-07	Escrito de conformidade de José Antonio Meis Álvarez , como propietario da embarcación, para presentar a solicitude no proceso selectivo, así como presentación do seu DNI/autorización consulta presentando anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) **no prazo de dez (10) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique este documento no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, de acordo co disposto de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro* do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de non remitir a documentación requirida considerarase que desisten da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

